

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

8989 *Real decreto 706/2015, do 24 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 877/2011, do 24 de xuño, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima.*

O Real decreto 877/2011, do 24 de xuño, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima, incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2009/15/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril, sobre regras e normas comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques e para as actividades correspondentes das administracións marítimas. O citado real decreto constitúe, xunto co Regulamento (CE) n.º 391/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril, sobre regras e normas comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques, a normativa que principalmente regula esta materia.

O artigo 2 do Real decreto 877/2011, do 24 de xuño, na letra e).1.º, recolle a definición de «convenios internacionais», na cal se inclúen os convenios aplicables, xunto cos seus protocolos e modificacións, así como os correspondentes códigos de carácter obrigatorio en España, na súa versión actualizada. Os convenios que se mencionan na definición son o Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar, do 1 de novembro de 1974 (SOLAS 74), o Convenio internacional sobre liñas de carga, do 5 de abril de 1966, e o Convenio internacional para previr a contaminación polos buques, do 2 de novembro de 1973 (Marpol).

A Asemblea da Organización Marítima Internacional (OMI) adoptou recentemente diversos códigos e aprobou emendas aos convenios e protocolos internacionais incluídos no artigo 2 do Real decreto 877/2011, do 24 de xuño. A Asemblea da OMI, no seu 28.º período de sesións, adoptou o Código para a implantación dos instrumentos da OMI (Código III) e emendas ao Convenio sobre liñas de carga. Así mesmo, a citada asemblea, no seu 65.º período de sesións, adoptou o Código para as organizacións recoñecidas da OMI (Código OR).

As emendas aos convenios promovidos pola OMI incorpóranse automaticamente ao dereito comunitario desde o momento en que entran en vigor a nivel internacional, incluíndo os correspondentes códigos de carácter obrigatorio, tales como os códigos III e OR. Con todo, a súa exclusión do ámbito de aplicación da lexislación marítima da Unión Europea é posible, seguindo o procedemento de avaliación establecido no artigo 5.2 do Regulamento (CEE) n.º 2099/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro, polo que se crea o Comité de seguridade marítima e prevención da contaminación polos buques (COSS).

A Comisión avaliou as emendas aos convenios da OMI e determinou a existencia de discrepancias entre o Código III e o Código OR, por unha banda, e a Directiva 2009/15/CE, do 23 de abril, e o Regulamento (CE) n.º 391/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril, por outra.

En consecuencia, fíxose necesario modificar a definición de «convenios internacionais» incluída no Regulamento (CE) n.º 391/2009, do 23 de abril, e na Directiva 2009/15/CE, do 23 de abril. Isto levouse a cabo mediante a aprobación do Regulamento de execución (UE) n.º 1355/2014 da Comisión, do 17 de decembro de 2014, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 391/2009 en relación coa adopción pola Organización Marítima Internacional (OMI) de determinados códigos e as emendas correspondentes de determinados convenios e protocolos e da Directiva de execución 2014/111/UE da Comisión, do 17 de decembro, pola que se modifica a Directiva 2009/15/CE en relación coa adopción, pola Organización Marítima Internacional (OMI), de determinados códigos e as emendas correspondentes de determinados convenios e protocolos.

Mediante este real decreto lévase a cabo a transposición da Directiva de execución 2014/111/UE da Comisión, do 17 de decembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 877/2011, do 24 de xuño, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima.*

O artigo 2.e) do Real decreto 877/2011, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima, queda redactado como segue:

«e) Convenios internacionais e normas nacionais.

1.º Convenios internacionais: o Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar do 1 de novembro de 1974 (SOLAS 74), con excepción do capítulo XI-2 do seu anexo, o Convenio internacional sobre liñas de carga, do 5 de abril de 1966, e o Convenio internacional para previr a contaminación polos buques, do 2 de novembro de 1973 (Marpol), xunto cos seus protocolos e emendas, e os correspondentes códigos de carácter obrigatorio en España, na súa versión actualizada, con excepción dos números 16.1, 18.1 e 19 da parte 2 do Código para a implantación dos instrumentos da OMI, e das seccións 1.1, 1.3, 3.9.3.1, 3.9.3.2 e 3.9.3.3 da parte 2 do Código para as organizacións recoñecidas da OMI.

2.º Normas de carácter nacional: normas de similar contido ás indicadas no punto anterior, aplicables aos buques e ás embarcacións non cubertos polos convenios internacionais.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan, contraveñan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao noso ordenamento interno a Directiva de execución 2014/111/UE, da Comisión, do 17 de decembro de 2014, pola que se modifica a Directiva 2009/15/CE en relación coa adopción, pola Organización Marítima Internacional (OMI), de determinados códigos e as emendas correspondentes de determinados convenios e protocolos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 31 de decembro de 2015.

Dado en Madrid o 24 de xullo de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Fomento,
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN